

Recadávivas Compilations

Breve achega á fraseoloxía do Couto de Oíns (Arzúa)¹

Brief approach to the phraseology of O Couto de Oíns (Arzúa)

Nuria García García²

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades /

Universidade de Santiago de Compostela

<https://orcid.org/0000-0002-5320-0255>

ngargar@cirp.gal / nuria.garcia.garcia@rai.usc.es

Resumo: Esta recadádiva reúne diversas unidades fraseolóxicas (así como tamén algunhas expresións monolexicais) recollidas na parroquia do Couto de Oíns, pertencente ao concello de Arzúa. O obxectivo principal foi facer unha breve achega á fraseoloxía propia deste lugar con unidades pertencentes a diversos campos semánticos (como son as festas, o tempo atmosférico, o tempo cronolóxico, a sexualidade, a riqueza etc.). A metodoloxía que se seguiu foi a realización de diferentes entrevistas cara a cara a un total de 9 persoas (7 oriúndas do lugar e 2 que, pese a naceren noutros concellos próximos, levan vivindo alí dende hai máis de 30 anos). Os resultados acadados foron a recollida de máis dun total de 250 unidades fraseolóxicas e expresións monolexicais galegas, algunhas novas e outras xa coñecidas, que se presentan ordenadas, tanto pola súa correspondente tipoloxía como tamén por orde alfabética, e con cadansúa definición e exemplos de uso acorde cos datos previamente subministrados polas persoas informantes.

Palabras clave: Arzúa, O Couto de Oíns, lingua galega, dialectoloxía, semántica, lexicografía, fraseoloxía, locucións, recadádiva.

Abstract: This collection brings together several phraseological units (also some monolexical expressions) collected in the parish of O Couto de Oíns, belonging to the municipality of Arzúa. The main objective was to present a brief contribution to the phraseology of this place with units belonging to several semantic fields (festivals, atmospheric weather, chronological time, sexuality, wealth...). The methodology followed was to carry out different face-to-face interviews with a total of 9 people (7 natives of the place and 2 who, despite having been born in other nearby municipalities, have been living there for more than 30 years). The results obtained were the compilation of a total of more than 250 Galician phraseological units and monolexical expressions, some new and others

¹ Data de recepción: 29.05.23. Data de aceptación: 07.08.23.

² Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

already known, which are presented in order, both by their corresponding typology and also by alphabetical order, and with each definition and examples of use according to the data previously provided by the informants.

Keywords: Arzúa, O Couto de Oíns, Galician language, dialectology, semantics, lexicography, phraseology, idioms, collection.

1. Introducción

O presente traballo é unha recadádiva do lugar de Oíns (*Oínes* segundo as persoas entrevistadas), unha parroquia do concello de Arzúa. Este concello está encadrado na zona central de Galicia, ao sur da provincia da Coruña. Linda ao sur co concello de Santiso e coa provincia de Pontevedra (Vila de Cruces), da que está separada polo río Ulla, ao norte cos concellos de Frades e de Boimorto, ao leste co de Melide e ao poñente cos municipios de Touro e O Pino³.

A parroquia na que se realiza este estudo tamén é coñecida como O Couto de Oíns ou, simplemente, O Couto, mentres que oficialmente se coñece como San Cosme de Oíns, tal e como se pode consultar no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña.

Das 22 parroquias do concello de Arzúa, esta é a máis occidental, xa que linda co concello do Pino. Cos seus 13,2 km² trátase tamén da parroquia máis grande do municipio (Cacheda Vigide, 1987: 74) e consta das seguintes aldeas: Beis, Ferradal, Filgueira, A Fraga, Fruzo, León de Abaixo, León de Arriba, Manedo, O Pumar, Seixas e A Vilamoura (Cacheda Vigide, 1987: 111).

No que respecta a elementos culturais, nesta parroquia pódese atopar no lugar de Fruzo unha antiga fortaleza transformada en pazo no século XVIII pola familia dos Guiráldez. En Beis sitúase a igrexa parroquial, cunha fachada de inspiración neorrománica e unha torre con elementos tomados do barroco de placas. Esta, no seu interior, ten laterais decorados barrocos, pertencentes ao século XVIII (Cacheda Vigide, 1987: 111– 112).

Segundo os datos publicados polo INE, o número de habitantes en Oíns a 1 de xaneiro do 2022 era de 195 persoas. Trátase dunha poboación que foi practicamente en continuo descenso dende o ano 2000, cando contaba con 310 habitantes. En canto á diferenza de sexos, no ano 2022 había 103 homes e 92 mulleres⁴.

Neste traballo preséntase unha recadádiva de unidades fraseolóxicas e algunhas expresións monolexicais realizada a través de entrevistas a 9 persoas desta parroquia (7 nacidas alí, 2 que levan vivindo alí hai máis de tres décadas) a través das cales se conseguiron reunir máis de 250 unidades diversas (colocacións, locucións, fórmulas, refráns etc.). No seguinte apartado describírase a metodoloxía seguida e, a continuación, ofreceranse as expresións recollidas. Por último, expoñeranse unhas consideracións finais.

³ Datos consultados na web do Concello de Arzúa: <https://arzua.gal/contorno/> (último acceso: 01/04/23).

⁴ Datos consultados na web <https://www.foro-ciudad.com/la-coruna/oins/habitantes.html> (último acceso: 01/04/23).

2. Metodoloxía

A metodoloxía empregada para esta recadádiva foi a realización de diferentes entrevistas a persoas da zona e procurouse dar con variedade de xénero e de idade co ánimo de así poder ofrecer un abano maior e máis realista da diversidade lingüística do lugar no que respecta ás súas unidades fraseolóxicas. Tamén se decidiu recoller unidades monolexicais que se consideraron de interese, ben por ser interpretadas como “expresións” polas propias persoas informantes, ben por ser palabras posiblemente non moi empregadas e/ou coñecidas polas persoas falantes de galego estándar actual. Nalgunhas das diferentes conversas realizadas reuníronse ata a 4 dos e das informantes, o que producía unha maior aparición de fraseoloxismos, así como tamén mesmo pequenas (e sempre amables) discusións respecto á pertinencia de certa unidade fraseolóxica dada por algunha das persoas entrevistadas.

O total dos informantes foron 9 persoas: 5 homes e 4 mulleres. No que respecta aos homes, 2 son adultos novos (menores de 40 anos), 1 é adulto medio (maior de 40 e menor de 60) e 2 son adultos maiores (de máis de 60 anos). En canto ás mulleres, 1 é adulta nova e 3 adultas maiores. Todas estas persoas teñen unha importante vinculación coa parroquia, e a maioría naceron e viviron sempre alí. Con todo, 1 adulto novo leva algúns anos vivindo noutras zonas de Galicia (aínda que segue a ter contacto habitual coas persoas de alí ademais de visitar a miúdo o lugar) e 1 adulto medio marchou hai anos á Coruña, mais tamén continúa visitando a miúdo a parroquia e falando con persoas de alí. Ademais, 2 das adultas maiores son orixinarias doutros concellos de Arzúa, mais levan en Oíns máis de tres décadas.

Cómpre engadir que se lles insistiu, tanto ás persoas que na actualidade viven fóra da parroquia como aquelas que, aínda que si viven alí, teñen procedencia doutros lugares, no feito de que se pretendían reunir unidades propias do lugar. Con todo, para unha maior seguridade da recadádiva, especialmente nestes casos, mais tamén entre as outras persoas informantes, decidiuse que para a recollida dunha unidade fraseolóxica, ademais de ser proposta polo menos por unha das persoas informantes, fose recoñecida activamente por algunha das outras persoas entrevistadas como frase propia do lugar. É destacable que, con todo, houbo casos nos que, nesas conversas á vez entre varias das persoas informantes, xurdiu algún fraseoloxismo recoñecido por varias delas, mais non por algunha outra, que aseguraba non ter oído esa unidade. É posible que isto se deba tanto á variedade de xénero como, especialmente, de idade.

Por último, é apropiado subliñar que a parroquia do Couto de Oíns está situada no chamado bloque dialectal central (Fernández Rei, 1990). Dado que se pretendeu a maior fidelidade posible coas unidades propostas polos e polas informantes, tanto na expresión recollida como no exemplo (ou exemplos) que se presentan para ilustralas mantivéronse os trazos dialectais propios do lugar: terminación dos plurais en *-ós* fronte ao normativo *-óns* (*montós*), o seseo implosivo (*des*), así como a terminación aguda *-au* no canto da normativa *-an* (*mau, irmau*), e tamén a forma dialectal desta zona dos demostrativos: *esto, eso, aquilo*. No que respecta á gheada, propia do lugar de maneira xeral e en case todos os contextos (aínda que non se presenta, por exemplo, despois dun son nasal, como en *domingo*), decidiuse non poñer unha indicación expresa, mais

xeralmente en todos os casos que hai <g> cómpre ter presente que a súa pronuncia é con gheada. Por último, mantivéronse os castelanismos naquelas unidades que presentaba algún, os cales se sinalan mediante cursiva.

3. Recadádiva fraseolóxica realizada

Neste apartado expoñemos as unidades fraseolóxicas e expresións monolexicais recollidas, ordenadas pola tipoloxía e alfabeticamente. A maioría son de uso normal e/ou coloquial, polo que simplemente se sinalan as que son de uso humorístico, pexorativo e/ou vulgar (naqueles casos nos que cómpren varias etiquetas, a orde corresponde ao que ten máis peso nesa expresión).

2.1. Abreviaturas e símbolos

Nas entradas empregáronse unha serie de abreviaturas para a súa clasificación, das que amosamos aquí o significado:

adx. = adxectivo.

col. s. = colocación substantiva.

col. v. = colocación verbal.

fórm. = fórmula.

HUM. = humorístico.

l.adv. = locución adverbial.

l.adx. = locución adxectiva.

l.prep. = locución prepositiva.

l.s. = locución substantiva.

l.v. = locución verbal.

PEX. = pexorativo.

ref. = refrán.

s. = substantivo.

v. = verbo.

VUL. = vulgar.

2.2. Colocacións

2.2.1. Colocacións verbais

1. **botar un grolo** *col. v.* Servir un pouco de beber. *Bótame un grolo aí.*
2. **comer coma un crego** *col. v.* Comer moito e, sobre todo, ben. *O teu veciño come coma un crego.*
3. **dar un barlovento [a alguén]** *col. v.* VUL. Baterlle. *Como non pares vouche dar un barlovento.*
4. **dar un moquete [a alguén]** *col. v.* Baterlle. *Ao final deulle un moquete.*
5. **dar unha torniscada [a alguén]** *col. v.* Baterlle. *Como teu pai o saiba vaiche dar unha torniscada.*
6. **facer o albaroque** *col. v.* Facer unha festa por mor dunha inauguración. [Se a construción é grande, faise un albaroque na metade e outro ao final]. *Xa está rematada a casa, hai que ir facendo o albaroque.*

2.3. Fórmulas

7. **A cona que te/o/a fixo / mala cona que te/o/a fixo** *fórm.* VUL. PEX. Utilízase para mostrar enfado. *Fuches ti o que rompeu esto? Mala cona que te fixo!*
8. **Aínda has abortar** *fórm.* VUL. Díselle a alguén que está rindo moito. *Non rías así que aínda has abortar.*
9. **Aínda te has mexar** *fórm.* Díselle a alguén que está rindo moito. *Como sigas rindo así aínda te has mexar!*
10. **Aparta que non te vexo** *fórm.* Díselle a alguén cando está no medio e non deixa ver algo. *Deixa ver o parte, aparta que non te vemos!*
11. **Apártate ou apártote** *fórm.* Díselle a alguén cando está no medio e non deixa pasar ou ver algo. *Déixame pasar, apártate ou apártote.*
12. **Cago na nai que te/o/a fixo (onte) / mala nai que te/o/a pariu / cago na nai que te/o/a fundou** *fórm.* VUL. PEX. Utilízase para mostrar enfado. *Acábame eso que che mandei, cago na nai que te fixo.*
13. **Cago no carallo que te/o/a deu** *fórm.* VUL. PEX. Utilízase para mostrar grande enfado. *Volveuno facer outra vez, cago no carallo que o deu!*
14. **Cago no dios que te/o/a fixo** *fórm.* VUL. PEX. Utilízase para mostrar grande enfado. *Cago no dios que a fixo, e non cala!*
15. **Cago nos collós que te/o/a amasaron** *fórm.* VUL. PEX. Utilízase para mostrar grande enfado. *Sácate de diante, cago nos collós que te amasaron!*
16. **Cala a boca que aínda che lavei os trapos onte** *fórm.* Díselle a alguén que pensa que xa é maior para algo cando aínda é moi pequeno ou que fala como se soubese moito sen saber nada. *Que saberás ti desto, cala a boca que aínda che lavei os trapos onte.*
17. **Cando ti naciches xa eu facía fillos** *fórm.* VUL. Díselle a quen cre que sabe moito a pesar de ter moi pouca experiencia. *Cala, anda, cala, que cando ti naciches xa eu facía fillos.*
18. **Cando ti vas eu xa vin de volta** *fórm.* Díselle a quen cre que sabe moito a pesar de ter moi pouca experiencia. *Non me expliques tanto, que cando ti vas eu xa vin de volta.*
19. **Carne de porco non é transparente** *fórm.* PEX. Díselle a alguén cando está no medio e non deixa ver algo. *Quita de diante, carne de porco non é transparente.*
20. **Chámalle burro ao cabalo** *fórm.* Admiración producida ao decatarse de que alguén é máis listo ou máis capaz de facer algo do que se pensaba. *De verdade conseguiches facer eso? Chámalle burro ao cabalo!*
21. **De hoxe nun ano** *fórm.* Utilízase para expresar o desexo de volverse reencontrar con outra ou outras persoas por un motivo especial e que vaia todo ben. *–A brindar antes de marchar, de hoxe nun ano! –E ti que o vexas! [Vid. e ti que o vexas].*
22. **Dios che/lle dea a gloria / Dios che/lle dea o ceo** *fórm.* Dise para agradecer algo. *Moitas grazas, Dios che dea o ceo!*
23. **Dios che/lle dea un bo home / Dios che/lle dea unha boa muller** *fórm.* Dise para agradecer algo. *Axudáchesme moito, Dios che dea un bo home.*
24. **Dios che/lle dea un bo home/unha boa muller que non che/lle colla na cama** *fórm.* HUM. VUL. Dise como agradecemento. Utilízase cun ton de brincadeira. *Grazas muller! Dios che*

- dea un bo home que non che colla na cama!*
25. **Dios cho/llo pague fórm.** Dise para agradecer algo a alguén. *Cando a axudaba, miña tía sempre me dicía “Dios cho pague”.*
26. **Dios me/nos libre! fórm.** Dise para expresar o medo de que pase algo malo e o desexo de que non sexa así. [É un grao máis elevado que a seguinte expresión, *Dios non o queira*]. *Dios nos libre que lle pase algo malo!*
27. **Dios non o queira! fórm.** Dise para expresar o desexo de que algo non sexa así. *Vai suspender? Dios non o queira!*
28. **Dios o queira! fórm.** Dise para expresar o desexo de que ocorra algo bo. *Pensa que vai aprobar? Dios o queira!* # diolo queira.
29. **Dios o/a teña na gloria / Dios o/a teña no ceo / Dios o/a teña cos seus difuntos fórm.** Emprégase cando morre alguén ou ao mencionar a alguén que xa morreu. *Era bo home, Dios o teña na gloria.* # Diolo teña.
30. **Dios perdone (a) + nome fórm.** Dise ao mencionar unha persoa xa falecida. *Dios perdone Ramona, ía sempre a esa festa.*
31. **Dios te/vos libre! fórm.** vul. Dise como ameaza. Úsase especialmente para advertir a alguén de que non faga algo. *Dios te libre de tocar eso!*
32. **Díxolle a pota ao cazo fórm.** Díselle a unha persoa que non é a máis adecuada para facer unha crítica. *-Sempre chegas tarde! -Díxolle a pota ao cazo... Se sempre hai que esperar por ti!*
33. **É mellor facelo ca mandalo fórm.** Emprégase cando se lle mandou facer algo a alguén e este fixoo mal. *E xa está? Valo deixar así? Ai, é mellor facelo ca mandalo!*
34. **E ti que o vexas fórm.** Úsase para responder a quen di "de hoxe nun ano" para expresar o mesmo desexo para esa persoa. *-A brindar antes de marchar, de hoxe nun ano! -E ti que o vexas!* [Vid. *de hoxe nun ano*].
35. **En paz descanse fórm.** Dise ao mencionar unha persoa xa falecida. *O Severino, en paz descanse, moi ben facía eso.*
36. **Fóra a alma fórm.** Expresión empregada para comparar un animal cunha persoa. *Ese can, fóra a alma, é coma unha persoa.*
37. **Haberá/hai que ir indo para a cama fórm.** Emprégase cando se tivo unha visita de alguén e xa se quere que vaia marchando. *Pois xa se vai facendo tarde, haberá que ir indo pa a cama.*
38. **Moitas felicidades fórm.** Expresa bos desexos cara a alguén a quen lle pasou algo bo ou que está celebrando algo. *Moitas felicidades por casar.*
39. **Nin que te/o/a vira unha meiga fórm.** Dise cando as cousas saen moi mal. *Moi mala sorte tivo, nin que o vira unha meiga!*
40. **Non cuspas (tanto) para arriba fórm.** Díselle a unha persoa que ten unha actitude soberbia ou que presume de algo, para avisalo de que a situación en calquera momento pode cambiar. *-Se fose o meu fillo estaría mellor ensinado. -Xa se verá cando os teñas, non cuspas pa arriba...*
41. **Non fomos xuntos/as á escola fórm.** Expresa que se ten máis mundo que a outra persoa, a cal adoita ser máis nova. *Faime caso e deixa de dicir parvadas, que non fomos xuntos á escola.*
42. **Para volver hai que marchar fórm.** Utilízase para despedirse. *-E xa marchas? -Para volver hai que marchar.*

43. **Para, ou non ves a vara?** *fórm.* Serve para avisar a alguén de que deixe de facer algo que enfada. *Deixa de xogar con eso, para, ou non ves a vara?*
44. **Parece que foi Dios** *fórm.* Dise cando pasa algo co que se contaba ou que é apropiado á situación. *Facíasmе falta e chegaches, parece que foi Dios!*
45. **Vai haber misa** *fórm.* HUM. Dise cando alguén deixa a petrina aberta ou mal subida. *Seica vai haber misa? Sube a petrina!*
46. **Vou que teño que ir** *fórm.* HUM. Utilízase para despedirse. *—E xa te vas? —Vou que teño que ir.*
47. **Vouche meter un raio na cabeza** *fórm.* VUL. Expresión para ameazar a alguén. *Ou paras quieto ou vouche meter un raio na cabeza.*

2.4. Locucións

2.4.1. Locucións adverbiais

48. **a cachón** *l.adv.* Moito, con forza, con intensidade [Úsase con verbos como *chover* ou *caer auga*]. *Chove a cachón!*
49. **a caldeiros** *l.adv.* Moito, con forza, con intensidade [Úsase con verbos como *chover* ou *caer auga*]. *Comezou a chover a caldeiros e puxémonos coma pitos.*
50. **a cen** *l.adv.* Moi rápido. *Anda a cen.*
51. **a chuzos** *l.adv.* Moito, con forza, con intensidade [Úsase con verbos como *chover* ou *caer auga*]. *Onte caía auga a chuzos.*
52. **a Cristo** *l.adv.* VUL. Moito. *A túa curmá fala a Cristo, levo a cabeza coma un bombo.*
53. **a fartar** *l.adv.* Abundantemente. *Comeu a fartar.*
54. **a fume de carozo** *l.adv.* Moi apurado, a moita velocidade. [Úsase con verbos de movemento, como *andar*, *ir*, *marchar*, *vir...*]. *Marchou a fume de carozo.*
55. **a mau** *l.adv.* Preto. *O traballo novo quédalle moi a mau, en des minutos xa chega.*
56. **a montós** *l.adv.* En gran cantidade. *Ese ten cartos a montós.*
57. **a tal hora** *l.adv.* Agora mesmo, neste momento. *A tal hora estou xa mellor.* [As persoas informantes insistiron na súa pronuncia todo xunto ("a talora"), e diferénciana de "a tal hora", expresión empregada para referirse a un momento concreto. *Mañá a tal hora estarei na clase*].
58. **a toda mecha** *l.adv.* Moi apurado, a moita velocidade. [Úsase con verbos de movemento, como *andar*, *ir*, *marchar*, *vir...*]. *Anda sempre a toda mecha.*
59. **a todo meter** *l.adv.* Moi apurado, a moita velocidade. [Úsase con verbos de movemento, como *andar*, *ir*, *marchar*, *vir...*]. *Saiu da casa a todo meter.*
60. **a velas vir** *l.adv.* Sen diñeiro e sen se preocupar moito pola situación. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *A final de mes sempre ando a velas vir.*
61. **ao xeito** *l.adv.* Amodo. [Úsase moito cos verbos *comer* ou *beber*]. *Non bulas tanto, come ao xeito!*
62. **ás mil marabillas** *l.adv.* Moi ben. *É un pracer escoitalo, fala ás mil marabillas.*
63. **coa boca pequena** *l.adv.* En voz baixa. [Úsase xeralmente con verbos de lingua: *comentar*, *dicir*, *falar*, *suxerir...*]. *Non sei que di, sempre fala coa boca pequena.*

64. **coma un libro aberto** *l.adv.* Moi ben, con propiedade, con coñecemento, con sensatez. [Úsase con verbos como *expresarse* ou *falar*]. *Exprésase coma un libro aberto.*
65. **de pingas** *l.adv.* Moi ben. *Ao final resolveu o problema e vaille todo de pingas.*
66. **de puta madre** *l.adv.* VUL. Moi ben. *Dixo que estaba de puta madre.*
67. **na fura de diante** *l.adv.* Moi apurado, a moita velocidade. [Úsase con verbos

- de movemento, como *andar*, *ir*, *marchar*, *vir...*]. *Vai na fura de diante.*
68. **na llama** *l.adv.* Moi apurado, a moita velocidade. [Úsase con verbos de movemento, como *ir*, *vir*, *sáir...*]. *Ese coche vai na llama.*
69. **nun tristrás** *l.adv.* Moi rapidamente. *Fixo o traballo nun tristrás.*
70. **tarde, mal e a rastro** *l.adv.* A deshora e mal feito. *Deixáchelo para o último momento e ao final vai tarde, mal e a rastro.*

2.4.2. Locucións adxectivas

71. **á xaneira** *l.adx.* [Gata] en celo [Úsase xeralmente co verbo *andar*]. *A gata xa anda á xaneira.*
72. **(cheo/a) coma un pepe** *l.adx.* Moi farto, saciado. [Úsase con verbos como *estar*, *ir* ou *quedar*]. *Foi un banquete de categoría e eu quedei coma un pepe.*
73. **(cheo/a) coma unha bota** *l.adx.* Moi farto, saciado. [Úsase con verbos como *estar*, *ir* ou *quedar*]. *Comín de máis, vou cheo coma unha bota!*
74. **(cheo/a) coma unha cuba** *l.adx.* PEX. Completamente bébedo. [No canto de “cheo” tamén se poderían usar outros sinónimos]. [Adoita ir con verbos como *estar*, *ir* ou *vir*]. *Estaba coma unha cuba.*
75. **(cheo/a) coma unha estrepia** *l.adx.* PEX. Completamente bébedo. [No canto de “cheo” tamén se poderían usar outros sinónimos]. [Adoita ir con verbos como *estar*, *ir* ou *vir*]. *Vas bo, vas coma unha estrepia!*
76. **(cheo/a) coma unha pera** *l.adx.* PEX. Completamente bébedo. [No canto de “cheo” tamén se poderían usar outros sinónimos]. [Adoita ir con verbos como *estar*, *ir* ou *vir*]. *Despois da festa viñamos coma peras.*
77. **coma a sarna** *l.adx.* PEX. Moi agarrado, apegado en exceso ao diñeiro, remiso

- a dar e gastar. *A el non lle pidas que é coma a sarna.*
78. **coma a virxe do puño** *l.adx.* PEX. Moi agarrado, apegado en exceso ao diñeiro, remiso a dar e gastar. *É coma a virxe do puño, nunca invita a nada.*
79. **coma un chamizo** *l.adx.* Moi seco, moi delgado. *De novo estaba coma un chamizo.*
80. **coma un leño** *l.adx.* Moi seco, moi delgado. *A túa irmá está coma un leño, non debe de comer nada.*
81. **coma un raio** *l.adx.* Moi pícaro. *É pillo coma un raio.*
82. **coma unha ovella** *l.adx.* Moi manso. *Cando os teus primos se meten con nós non vales para nada, es coma unha ovella.*
83. **dun tempo** *l.adx.* Da mesma idade. [Úsase xeralmente cos verbos *ser* ou *parecer*]. *Pepe e Rosario son dun tempo.*
84. **duro/a coma un croio / máis duro/a ca un croio** *l.adx.* Moi duro, moi forte. [Aplicable a unha persoa que ten moito aguante para soportar golpes, que ten moita resistencia física]. *Levar levou un bo golpe, pero ser é máis duro ca un croio.*

85. **feito/a un Cristo** *l.adx.* VUL. PEX. Moi mal vestido ou moi sucio. *Debería vestir mellor, sempre vai feito un Cristo.*
86. **feo/a coma un trasno** *l.adx.* PEX. Moi feo. *E gústache? Se é feo coma un trasno!*
87. **(gordo/a) coma unha vaca** *l.adx.* PEX. Moi gordo. *Non para de comer e púxose coma unha vaca.*
88. **listo/a coma un allo** *l.adx.* Moi agudo, moi listo. *Sempre o fai ben, é listo coma un allo.*
89. **máis bo/a ca o pan** *l.adx.* Moi bo. *Sempre me está a axudar, é máis boa ca o pan.*
90. **máis folgazán/ana ca a chaqueta dun guardia** *l.adx.* PEX. Moi preguiceiro, que non fai nada. *Luis non fai nada, é máis folgazán ca a chaqueta dun guardia.*
91. **máis grande ca maio / máis grande ca os días de maio** *l.adx.* Moi grande ou longo, que rende moito. *Esa película é máis grande ca os días de maio.*
92. **máis malo/a ca a fame / malo/a coma a fame** *l.adx.* PEX. Moi ruín. *Esa é máis mala ca a fame.*
93. **máis pobre ca as arañas / pobre coma as arañas** *l.adx.* Moi pobre. *Non ten diñeiro, é pobre coma as arañas.*
94. **máis preguiceiro/a ca a leña / preguiceiro/a coma a leña** *l.adx.* PEX. Moi preguiceiro. *Nunca fas nada, es preguiceiro coma a leña.*
95. **máis preguiceiro/a ca un arado / preguiceiro/a coma un arado** *l.adx.* PEX. Moi preguiceiro. *Ese home é preguiceiro coma un arado.*
96. **máis preguiceiro/a ca unha xesta / preguiceiro/a coma unha xesta** *l.adx.* PEX. Moi preguiceiro. *A túa curmá é preguiceira coma unha xesta.*
97. **máis quente ca as cadelas / quente coma as cadelas** *l.adx.* VUL. PEX. Moi quente, con moito desexo de ter relacións sexuais [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *vir*]. *Viñan máis quentes ca as cadelas.*
98. **máis quente ca as galiñas / quente coma as galiñas** *l.adx.* VUL. PEX. Moi quente, con moito desexo de ter relacións sexuais [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *vir*]. *Anda máis quente ca as galiñas.*
99. **máis quente ca o pico dunha plancha / quente coma o pico dunha plancha** *l.adx.* VUL. PEX. Moi quente, con moito desexo de ter relacións sexuais [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *vir*]. *Ese anda máis quente ca o pico dunha plancha.*
100. **máis quente ca un quico / quente coma un quico** *l.adx.* VUL. PEX. Moi quente, con moito desexo de ter relacións sexuais [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *vir*]. *Andades máis quentes ca un quico.*
101. **máis ruín ca o demo / ruín coma o demo** *l.adx.* PEX. Moi ruín, moi malo. PEX. *Non te podes fiar del, é máis ruín ca o demo.*
102. **máis salido/a ca unha mona / salido/a coma unha mona** *l.adx.* VUL. PEX. Moi saído, con moito desexo de ter relacións sexuais [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *vir*]. *Anda máis salido ca unha mona.*
103. **máis seco/a ca unha acha / seco/a coma unha acha** *l.adx.* Moi seco, moi delgado. *Non come nada, está máis seco ca unha acha.*
104. **máis teso/a ca unha estaca / teso/a coma unha estaca** *l.adx.* 1. Con moi pouco ou ningún diñeiro. *Desde que comprei o coche estou máis teso ca unha estaca.* 2. Moi delgado. *Non*

come nada, está máis teso ca unha estaca.

105. **malo coma un toxo** *l.adx.* PEX. Moi ruín. *Sempre está a facer mal, é máis mala ca un toxo.*
106. **na inopia** *l.adx.* Distraído, despistado, sen se dar conta do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *Andades na inopia.*
107. **nas babias** *l.adx.* Distraído, despistado, sen se dar conta do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *Ti estás nas babias.*
108. **nas nubes** *l.adx.* Distraído, despistado, sen se dar conta do que ocorre. [Úsase

con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *Eso non che é así, xa vexo que segues nas nubes.*

109. **no chasis** *l.adx.* Moi delgado. [Úsase con verbos como *estar* ou *quedar*]. *Como sigas adelgazando así, vas quedar no chasis.*
110. **nos ósos** *l.adx.* Moi delgado. [Úsase con verbos como *estar* ou *quedar*]. *Ese rapaz non come nada ben, está nos ósos.*
111. **podre de cartos** *l.adx.* VUL. Cheo de diñeiro, moi rico. *Ese fulano está podre de cartos.*

2.4.3. Locucións preposicionais

112. **cas (de)** *l.prep.* Úsase para indicar “á casa de” ou “na casa de”. *Vou cas Torres / Eso vino facer en cas Vasques.*

2.4.4. Locucións substantivas

113. **a quinta virgen** *l.s.* VUL. Un lugar moi afastado. *E queres ir ata aló? Se eso está na quinta virgen! | Tivemos que ir ata a quinta virgen.*
114. **bo dente** *l.s.* Pouca esixencia coa comida e bo apetito [Úsase xeralmente co verbo *ter* e na construción *de bo dente*]. *Para eso é preciso bo dente. | Ese teu amigo ten bo dente, como come!*
115. **bo/a polo/a** 1. *l.s.* PEX. Persoa que non é de fiar. *É un bo polo e non quero trato con el.* 2. *l.adx.* PEX. Moi falso e que pensa sempre na súa conveniencia. *A túa veciña é boa pola.*
116. **boa pega** *l.s.* PEX. Persoa falsa, que non é de fiar. *Nunca me fei dela, é boa pega!*
117. **boa peza** 1. *l.s.* PEX. Persoa tramposa ou maliciosa. *A lea foi por culpa desa boa peza.* 2. *l.adx.* Traste [Moi

aplicable aos rapaces]. *O fillo do veciño é boa peza!*

118. **cacho de pan** *l.s.* Persoa moi boa. *Ese amigo teu é un cacho de pan.*
119. **o ano da pera** *l.s.* Un tempo moi afastado. *Eso é do ano da pera. | Ese feito ocorreu no ano da pera.*
120. **o cu do mundo** *l.s.* VUL. Un lugar moi afastado. *Podes ir ata o cu do mundo. | A casa del está no cu do mundo.*
121. **os tempos de san Quintín** *l.s.* Un tempo moi afastado. *Eso é dos tempos de san Quintín. | Aquelo foi nos tempos de san Quintín.*
122. **saco sen fondo** *l.s.* Persoa que nunca se farta de comer. *Moito come, é un saco sen fondo!*

2.4.5. Locucións verbais

123. **aínda ter que xiarlle moito pola cabeza a alguén** *l.v.* Ter pouca experiencia en algo. *Para facelo así aínda che ten que xiar moito pola cabeza.*
124. **arder coma a cera** *l.v.* Ser pouco traballador. *O novo non che vai valer para ese traballo, arde coma a cera.*
125. **bailar na punta do pé** *l.v.* Estar moi contento. *Cando volveron viñan na punta do pé pois gañaran o partido.*
126. **bailar nunha cunca de auga** *l.v.* Estar moi contento. *Vina moi contenta, bailaba nunha cunca de auga.*
127. **botar as alegrías fóra** *l.v.* VUL. Vomitar. *Botou todas as alegrías fóra.*
128. **bruto/a coma un arado / máis bruto/a ca un arado** *l.v.* PEX. Moi bruto. *Ramiro é máis bruto ca un arado.*
129. **bruto/a coma un castrón / máis bruto/a ca un castrón** *l.v.* PEX. Moi bruto. *Póñense a xogar pero sempre acaban chorando, son máis brutos ca un castrón!*
130. **bruto/a coma unha besta / máis bruto/a ca unha besta** *l.v.* PEX. Moi bruto. *A túa irmá é máis bruta ca unha besta cando xoga ao fútbol.*
131. **buscarlle as cóchegas a alguén** *l.v.* Provocalo, facer que se enfade. *Non sei como fai, pero sempre me busca as cóchegas!*
132. **caer as aves do ceo** *l.v.* Ir moita calor. *Non se paraba, caían as aves do ceo.*
133. **caer da burra** *l.v.* Darse de conta de algo, caer na conta. *Ao final caeu da burra e xa empezou a ver como era o conto.*
134. **cantarlle as corenta** *l.v.* Chamarlle a atención a alguén, berrarlle por algún mal comportamento. *Ao final a nai cantoulle as corenta.*
135. **cheirar que apesta** *l.v.* Cheirar moi mal. *Cando entrei alí cheiraba que apestaba.*
136. **comprarlle unha bicicleta a alguén** *l.v.* Cando alguén non fai nada xogando ás cartas. *Non facedes ningunha, ímosvos comprar unha bicicleta.*
137. **dar xenio** *l.v.* Agradar moito [algo ou alguén]. *Dá xenio ver como traballa! | Que gordo está o gato, dá xenio velo!*
138. **darlle (bo) xeito a algo** *l.v.* Facer ben algo ou ter capacidades para facelo ben. *Fai ti esto, que lle dás bo xeito.*
139. **darlle a alma algo a alguén** *l.v.* Presentir [esa cousa]. *Seica tivo un accidente, xa mo daba a alma!*
140. **darlle a vida a alguén** *l.v.* Ser de grande axuda, servir [a alguén] de moito. *Dálle a vida ser amigo del, moito o axuda.*
141. **darlle boa maña a algo** *l.v.* Facer ben algo ou ter capacidades para facelo ben. *A túa nai dálle boa maña a eso.*
142. **darlle boa traza a algo** *l.v.* Facer ben algo ou ter capacidades para facelo ben. *Que ben o fai, dálle boa traza.*
143. **darlle o corpo algo a alguén** *l.v.* Presentir [esa cousa]. *Dábanos o corpo que ía ser así.*
144. **deitarse a canda as galiñas** *l.v.* Deitarse moi cedo. *A estas horas xa non vai estar esperta, déitase a canda as galiñas.*
145. **deixar a vergonza** *l.v.* Deixar un anaco de comida. Adóitase empregar para animar a alguén a que acabe cando queda un anaco. *E vas deixar aí a vergonza?*
146. **durmir coma as mantas** *l.v.* Durmir moito. *Mira que es ben durmiñón, dormes coma as mantas!*

147. **estar na horta e non ver as verzas** l.v. PEX. Estar moi despistado. *Presta atención, que estás na horta e non ves as verzas.*
148. **facerlle as beiras a alguén** l.v. Intentar conquistar unha persoa. *O teu compañeiro parece que me está facendo as beiras.*
149. **falar a Cristo (bendito)** l.v. VUL. Persoa que fala moito. *O teu tío fala a Cristo!*
150. **falar por falar / falar por non estar calado/a** l.v. 1. Falar sen dicir nada interesante. *É moi pesado, sempre fala por falar.* 2. Dicir parvadas. *Non se lle pode facer caso, fala por non estar calado.*
151. **faltarlle unha fervedura a alguén** l.v. PEX. VUL. Insensato, persoa á que lle falta madurez. *Non lle fagas caso a ese que lle falta unha fervedura*
152. **ir ben aló** l.v. PEX. Emprégase para expresar que non se quería a alguén que xa faleceu por ser mala persoa. *Ese moito mal fixo, vai ben aló.*
153. **ir fóra de hora** l.v. Falecer alguén novo. *Era moi novo, foi fóra de hora.*
154. **ir na súa hora** l.v. Falecer alguén de moita idade. *Tiña xa cen anos, foi na súa hora.*
155. **ir nela** l.v. Estar a piques de solucionarse, ir ben ou a mellor algo. *-Curouche o xeonllo? -Xa vai nela.*
156. **irlle o comido polo gastado / irlle o comido polo servido** l.v. Non obter beneficio; ser o gasto parecido á ganancia. *Cobrou e foi de festa, foille o comido polo servido.*
157. **irlle pola (gorxa) pequena** l.v. Atragoarse. *Foiche pola gorxa pequena?*
158. **lavarse por parroquias** l.v. Lavarse por partes. *Non me dá tempo a ducharme enteiro, voume lavar algo por parroquias.*
159. **levar ao güerto a alguén** l.v. Conseguir que alguén acepte estar con outra persoa no sentido sentimental e/ou sexual. *Coustume, pero ao final leveino ao güerto.*
160. **mandar a alguén a Noia** l.v. Dise de alguén que perdeu nas cartas. *Canto as corenta e mandámosvos a Noia.*
161. **morrer coa fame** l.v. 1. Ter moita gana de comer ou estar moi mal alimentado. *Moito adelgazou, está morrendo coa fame.* 2. Moi delgado. *O rapaz ese está morrendo coa fame.*
162. **non dar feito** l.v. Non ser capaz de realizar algunha tarefa. *Axúdame aquí? Non dou feito!*
163. **non estar o alcacén pa gaitas** l.v. Non ser bo momento para facer ou dicir algo, xeralmente por causar enfado noutra persoa. *Coidado con como lle respondes a túa nai, que non está o alcacén pa gaitas.*
164. **non haber nin pa cigarros** l.v. Estar nunha situación moi mala economicamente. *Non che poden dar nada, aquí non hai nin pa cigarros.*
165. **non poder coa alma** l.v. Estar moi canso. *Quedei derreada, non poden coa alma.*
166. **non saber para que a ten** l.v. VUL. PEX. Non ter a madurez necesaria para certas cousas. *Non mires tanto para ela, que aínda non sabes para que a tes.*
167. **non ter branca** l.v. Estar sen diñeiro. *Non o poden comprar, que non teño branca.*
168. **non ter duda** l.v. 1. Estar algo suficientemente ben. *Non ten duda, vale ben así.* 2. Non ter unha mala situación económica. *Gánache ben no traballo, non che ten duda ningunha.* 3. Non lle pasar nada malo por facer algo. *Ten quince anos, non ten duda por quedar soa na casa.*

169. **non ter queixa** *l.v.* Non ser moi ruín ou moi malo algo para alguén. *-Gústache? -Non ten queixa.*
170. **non ter traza nin xeito** *l.v.* Non estar ben feito, non ter lóxica ou sentido. *Está todo mal, tal e como fixeches eso non ten traza nin xeito.*
171. **non ter un can** *l.v.* Estar sen diñeiro. *Voulle pagar eu a consumición que el non ten un can.*
172. **non ter un duro** *l.v.* Estar sen diñeiro. *Non ten un duro, non sei como vai pagar esa multa.*
173. **non ter xeito** *l.v.* 1 Non ter tempo para algo. *Non podo acabar eso, non teño xeito.* 2 Non estar ben feito algo. *O resultado da conta non ten xeito.*
174. **parecer o porco de santo Antonio** *l.v.* PEX. Ser unha persoa que adoita ir comer ás casas dos demais. *Sempre ía de casa en casa á hora de comer, parecía o porco de santo Antonio.*
175. **parecer un espantallo** *l.v.* PEX. Ir moi mal vestido ou sucio. *Ti viches como vai? Parece un espantallo!*
176. **parecer un fervello** *l.v.* Ser ou estar moi inqueda ou intranquilo. *A súa nena parece un fervello.*
177. **parecer unha galiña escaravellando** *l.v.* Ser ou estar moi inqueda ou intranquilo. *Non para quieto, parece unha galiña escaravellando.*
178. **pasalas (moi) negras** *l.v.* Pasar por unha situación moi mala. *A túa avoa cando era nova pasounas negras.*
179. **pasalas (moi) putas** *l.v.* VUL. Pasar por unha situación moi mala. *Vainas pasar moi putas, xa verás.*
180. **pasar máis fame ca un can** *l.v.* Ter moita gana de comer ou estar moi delgado. *Eses deben pasar máis fame ca un can.*
181. **pasarlle o sol pola porta a alguén** *l.v.* Perder unha oportunidade. *Agora xa nada, pasoulle o sol pola porta.*
182. **poñerlle a cabeza coma un bombo a alguén** *l.v.* Molestar, importunar a alguén. *A túa irmá fala a Cristo, púxome a cabeza coma un bombo.*
183. **poñerlle as canizas a algo** *l.v.* Emprégase cando che botan moito no prato, cando che serven en exceso. *Se ves que tal, ponlle as canizas.*
184. **quedarlle moito que sachar a alguén** *l.v.* Ter aínda moito que aprender. *Vas de listo, pero aínda che queda moito que sachar.*
185. **quedarlle poucas** *l.v.* Estar morrendo. *Está moi mal, quédanlle poucas.*
186. **romper a crisma** *l.v.* Facer un esforzo mental, traballar moito para conseguir algo. *Moito rompeu a crisma estudando.*
187. **romperlle a cabeza a alguén** *l.v.* Molestar, importunar a alguén. *Cala, non me rompas a cabeza.*
188. **ser coser e cantar** *l.v.* Ser moi doado, moi fácil de levar a cabo. *Eso acábalo nun tristrás, é coser e cantar!*
189. **ser mellor facerlle un traxe ca darlle de comer** *l.v.* Comer moito, ser moi comellón. *A ese fulano é mellor facerlle un traxe ca darlle de comer.*
190. **subir polas paredes** *l.v.* 1. VUL. Estar con moito desexo sexual. *Está solteiro e está que sobe polas paredes.* 2. Estar moi enfadado. *Seica era todo mentira, estou que subo polas paredes!*
191. **tela alí** *l.v.* Estar destinado a morrer cando morreu. *Non había que lle facer; tiña alí.*
192. **ter a solitaria** *l.v.* Comer moito, sen parar, e non engordar. *O teu tío parece que ten a solitaria!*
193. **ter bo paladar** *l.v.* Saber apreciar a boa comida e os produtos de calidade. *Ese non come calquera cousa, ten bo paladar!*

194. **ter gana de mambo** *l.v.* HUM. Ter gana de manter relación sexuais. *Parece que ten gana de mambo.*
195. **ter lingua de víbora** *l.v.* PEX. Ser unha persoa que gusta de criticar os demais. *Esa sempre anda falando mal de todo o mundo, ten lingua de víbora.*
196. **ter máis cartos ca un becerreiro** *l.v.* Ter moito diñeiro. *O alcalde gana un montón, ten máis cartos ca un becerreiro.*
197. **ter o demo no corpo** *l.v.* Ser ou estar moi inqueda ou intranquilo. *Ese rapaz ten o demo no corpo, non para un momento.*
198. **ter o formigo no cu** *l.v.* VUL Ser ou estar moi inqueda ou intranquilo. *E pararás un pouco? Parece que tes o formigo no cu.*
199. **ter que nacer tres veces / ter que volver a nacer** *l.v.* Ter aínda moito que aprender. *Para facelo coma min aínda tes que nacer tres veces.*
200. **ter que volver á cona da súa nai** *l.v.* VUL. PEX. HUM. Ter aínda moito que aprender. *Cala, que aínda tes que volver á cona da túa nai para facelo así.*
201. **ter unha area** *l.v.* Estar bébedo. *Aquí bebeu un par de viños, cando marchou xa tiña unha area.*
202. **terllas gardadas a alguén** *l.v.* Gardarlle rancor e desexar vingarse. *Esa tenllas gardadas. | Tiñallas gardadas.*
203. **tirar do viño** *l.v.* Emprégase para referirse a unha comida que fai beber moito. *Esta comida tira do viño!*
204. **tirar pa atrás** *l.v.* Cheirar moi mal. *Como cheiraba, tiraba pa atrás!*
205. **tomar a peito algo** *l.v.* Coller as cousas moi en serio. *Non te enfades, ho, tomáchelo moi a peito.*
206. **tomar polo cu** *l.v.* VUL. Morrer. *Era ben malo, pero tomou polo cu.*
207. **traballar máis ca un burro** *l.v.* Traballar moito. *Traballas máis ca un burro, tes que coller unhas vacacións.*
208. **traballar máis ca unha parexa de bois** *l.v.* Traballar moito. *Agora vive ben, pero tamén leva traballado máis ca unha parexa de bois.*
209. **turrarlle a cabeza a alguén** *l.v.* Molestar, importunar a alguén. *Déixame tranquila, non me turras a cabeza.*
210. **valer ben** *l.v.* Ser aceptable algo para alguén. *Non mos empaketes, válenme ben así.*
211. **ver vir algo** *l.v.* Intuír que [esa cousa] vai suceder. *Díxonos que o vía vir, mais non fixo nada.*
212. **verlle as orellas ao lobo** *l.v.* Presentir un perigo ou unha dificultade. *Por sorte xa deixou de facer eso, parece que lle viu as orellas ao lobo.*
213. **vir o Pedro Chosco** *l.v.* Ter moito sono. *Vénme o Pedro Chosco, vou ter que ir pa a cama.*
214. **vivir coma un marqués** *l.v.* Vivir moi ben. *Ese fulano vivía coma un marqués.*
215. **vivir coma un rei** *l.v.* Vivir moi ben. *Agora vivo coma un rei.*
216. **xuntarse a fame coa gana de comer** *l.v.* Úsase cando se xuntan dúas persoas que son parecidas nun aspecto negativo, por exemplo, dous que non son traballadores ou que non valen para nada. *Xa este non facía nada e agora chega o outro, xúntase a fame coa gana de comer.*

2.5. Refróns

217. **As contas da taberna nunca ditan cas da feira** *ref.* As contas previas que se fan do que se vai ganar ao final sempre son maiores do que se consegue finalmente na realidade. *Non contes de gañar tanto, as contas da taberna nunca ditan cas da feira.*
218. **Cando as barbas dos veciños vexas cortar, pon as túas a remollar** *ref.* Se ves algo que fai o veciño, é probable que ti tamén teñas que facelo. *Manolo segou a herba, e cando as barbas dos veciños vexas cortar, pon as túas a remollar.*
219. **Non fagas o que eu fago, fai o que eu che digo** *ref.* Réplica paternalista para protestarlle a alguén por facer algo que previamente se lle dixo que non fixese aínda que o vise facer a outros. *Que máis dá que eu fume? Ti non fagas o que eu fago, fai o que eu che digo.*
220. **Nunca choveu que non escampara** *ref.* Expresa que todo o malo acaba por pasar, que nalgún momento a situación ten que mellorar. *Está tranquila, que nunca choveu que non escampara.*
221. **Nunca vén unha sola** *ref.* Cando pasou algo malo, despois pasan máis cousas malas. *Xa sabía eu que pasaría, nunca vén unha sola!*
222. **O que chega tarde nin oe misa nin come carne** *ref.* Emprégase para
- indicarlle a alguén que xa chegou tarde para o que ía facer alí. *Se querías lambonadas tiñas que vir á hora, o que chega tarde nin oe misa nin come carne.*
223. **O que dá pan dá enseño** *ref.* O que te coida e te alimenta tamén che ten que ensinar. *Faime caso que son túa nai, o que dá pan dá enseño.*
224. **O que moito abarca pouco apreta** *ref.* Utilízase para referirse a alguén que fai moitas cousas, como aviso de que ao final non vai dar levado todo a cabo. *Ese ándache en moitas historias, pero non sei como lle irá, o que moito abarca pouco apreta.*
225. **Ou nas uñas ou nos pés has de imitar a quen es** *ref.* Úsase para dicir que sempre te vas parecer en algo aos teus familiares. *Xa teu pai era así, ou nas uñas ou nos pés has de imitar a quen es.*
226. **Se está o sol no raiante tira boi pa diante** *ref.* Dise cando vai facer sol e non vai chover. *Hoxe imos ter bo día, se está o sol no raiante tira boi pa diante.*
227. **Se o sol está no poniente ceiba os bois e vente** *ref.* Dise cando vai chover. *Hai que abrigarse, se o sol está no poniente ceiba os bois e vente.*

2.6. Unidades monolexicais

2.6.1. Adxectivos

228. **animaliño/a** *adx.* Bruto, mais expresado cariñosamente. *Mancácheste? Pero mira que es animaliño!*
229. **apirolado/a** *adx.* PEX. Moi despistado. *Ultimamente véxoo moi apirolado.*
230. **apretado/a** *adx.* PEX. Agarrado, apegado en exceso ao diñeiro, remiso a dar e gastar. *Non esperes que te invite, que é moi apretado.*
231. **artista** *adx.* Traste. [Moi aplicable aos rapaces]. *A nena moitas trasnadas fai, é moi artista.*
232. **cagado/a** *adx.* Moi parecido. *Es cagado a este actor.*

233. **chupón/ona** *adx.* PEX. Persoa que se aproveita dos demais materialmente, que anda gastando do dos outros. *Non podedes ser tan chupós!*
234. **doente** *adx.* 1. Moi enfadado. *O teu irmau ía doente, non se que lle farías.* 2. Moi rápido. *Ese coche pasou doente.*
235. **escopeteado/a** *adx.* Moi rápido. *E a onde tiñas que ir onte? Saíches de aquí escopeteado!*
236. **falabaratado** *adx.* PEX. Persoa que fala por falar e que esaxera moito as cousas ou que non di as cousas como son. *Ben sei que non foi así, mira que es falabaratado.*
237. **fozón/ona** *adx.* Persoa que se mancha moito ao comer. *Xa te manchaches comendo, mira que es fozón!*
238. **fungado/a** *adx.* Moi rápido, apurado. *Acabou axiña porque fixo os exercicios fungado.*
239. **gañán/ana** *adx.* PEX. Bruto. [Empregado sobre todo pola xente nova]. *Ese é un gañán.*
240. **garelo/a** *adx.* Persoa festeira, paseante, á que lle gusta moito a troula. *Sempre anda de festa, é moi garelo.*
241. **mamado/a** *adx.* VUL. PEX. Bébedo. *O día da festa ía ben mamado.*
242. **perello/a** *adx.* Traste. [Moi aplicable aos rapaces]. *Rompeucho a rapaza, é moi perella.*
243. **quedabien** *adx.* PEX. Persoa falsa que di cousas só para quedar ben. *Non te fíes dos seus piropos, é unha quedabien.*
244. **toxoto** *adx.* Persoa insulsa, pouco cariñosa, pouco sociable. *Nunca me dá un bico, é moi toxoto.*
245. **vendefume** *adx.* PEX. Persoa que fala por falar e que esaxera moito as cousas ou que non di as cousas como son. *A esa non lle fagas moito caso, é moi vendefume.*
246. **xeitoso/a** *adx.* 1. Persoa atenta e agradable. *Sempre está botando unha man, é ben xeitoso.* 2. Persoa guapa. *Acabo de ver o teu veciño, é moi xeitoso!* 3. Que sabe facer ben as cousas. *Que ben cociña, é ben xeitoso.*

2.6.2. Substantivos

247. **críca** *s.* Mocoso. Utilízase sobre todo co verbo *ter*. *Dáme un pano, que teño críca.*
248. **críco** *s.* Ter moito meco. *Ai, meu neno, moito críco tes!*

2.6.3. Verbos

249. **baduado** *v.* Dicar parvadas, cousas sen sentido, ou non expresarse ben. *Deixa de baduado!*
250. **(empezar a) picarlle** *v.* VUL. Ter, ou empezar a ter, interese sexual un mozo ou unha moza. *A ese xa lle pica.*
251. **espichado** *v.* VUL. Morrer. *Seica a galiña enferma xa espichou.*
252. **galado** *v.* Montar o galo na galiña. *O galo anda galando seguido.*
253. **governarse ben** *v.* Gozar dunha boa situación financeira. [Tamén podería empregarse con *mal*, ou outro adverbio semellante, co sentido contrario]. *Eses gobernanseche ben.*
254. **ladrado** *v.* Dicar parvadas, cousas sen sentido, ou non expresarse ben. *Non sei que anda ladrando ese.*
255. **papado** *v.* VUL. Darse bicos con alguén. *Pois seica papou a túa veciña.*

4. Consideracións finais

A experiencia na realización desta recadádiva foi moi satisfactoria e cuns resultados produtivos, posto que permitiu presentar máis de 250 unidades. Esta fai constar a gran variabilidade de expresións fraseolóxicas que se empregan nesta parroquia, as cales foron propostas, como vimos, por persoas de condición diversa no que respecta ao sexo, idade e vinculación coa parroquia (zona de nacemento e/ou residencia dende hai anos). Esta cuestión pareceume fundamental, pois con iso puiden reflectir expresións variadas que, aínda que sexan ben recoñecidas por todos e todas, non sempre son empregadas do mesmo xeito ou coa mesma frecuencia. Dese xeito, creo que tamén podería ser interesante ofrecer nun futuro outros estudos especializados en grupos de idades e/ou xénero.

Por último, gustárame rematar amosando o meu agradecemento a todas as persoas informantes, que moi amablemente pasaron horas falando comigo de maneira desinteresada. Grazas a Daniel, a Manolo, a Alicia, a Martín, a Manuela, a Verónica, a Andrés, a José Manuel e a Carmen. Moitas grazas polo seu tempo, paciencia e amabilidade, que me permitiron a realización deste pequeno traballo, e, sobre todo, por manteren vivas todas esas expresións monolexicais e fraseolóxicas que compartiron comigo e que dan mostra da inmensa riqueza desta nosa lingua.

5. Referencias bibliográficas

- Cacheda Vigide, E. A. (1987). *Arzúa en el camino de Santiago*. Editorial Everest.
Fernández Rei, F. (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Xerais.

